



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES XESÚS FERRO COUSELO  
CURSO: 1º BACH.  
MATERIA: INGLÉS  
DEPARTAMENTO: INGLÉS  
DATA: 12 maio 2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

# 1º BACH

## ADENDA Á PROGRAMACIÓN DE 1º BACH

### ELEMENTOS DE AVALIACIÓN:

#### Modificacións e adaptación da programación polo decreto do estado de alarma:

Partimos da premisa de que nunha lingua estranxeira é un sistema de avaliación continua no que se introducen, reforzan, consolidan e amplían diversos contidos en aras da consecución dunha boa competencia comunicativa, polo que continuamente estase a revisar os coñecementos previos.

NO momento de decretarse o estado de alarma, o cumprimento da programación era do 100%. A partir dese momento, tras comunicación co alumnado e as súas familias, informei do procedemento a seguir desde ese momento, a través da páxina web do centro e mediante mensaxe a todos os pais e nais así como ao alumnado.

Nesa comunicación se lles informou do mantemento do horario habitual de clase, tres horas á semana á mesma hora que figura nos seus horarios do curso. Posto que a maneira de manter esas tres horas ía ser por correo electrónico, fixen as comprobacións oportunas sobre conectividade do alumnado a través dese medio. Ninguén informou da súa imposibilidade de contactar connigo deste xeito.

Informe da maneira de traballar: todos os días de clase, á hora real de clase segundo o seu horario, recibirían un correo electrónico con intrucións e actividades a realizar nos 50 minutos seguintes, coa obrigatoriedade de responder ao meu correo antes do remate deses 50 minutos. Os contidos das actividades incluírían revisión de aspectos xa vistos (avaliación continua), así como contidos novos, adaptados á situación, pero tentando, na medida do posible, seguir a estrutura das unidades didácticas do libro. Faciliteilles en todo momento todo o necesario, por se algún alumno no tiña o seu libro na casa. Todos os traballos, actividades, probas online levados a cabo desde a declaración do estado de alarma se terán en conta na cualificación final, pero servirán exclusivamente para mellorar a cualificación obtida

na primeira e segunda avaliación. Nunca baixarán a cualificación media do primeiro e segundo trimestre.

### **Avaliación e cualificación**

À hora de avaliar terase en conta:

As cualificacións obtidas ata o momento de decretarse o estado de alarma, tendo en conta:

A programación xeral do curso ata ese momento;

a súa progresión na aprendizaxe.

As cualificacións da primeira e segunda avaliación.

Unha vez decretado o estado de alarma:

Realización das tarefas encomendadas, mostrando esforzo por realizalas correctamente.

Constancia na presenza virtual do alumnado, contabilizando as súas faltas de asistencia.

Realización de todas as actividades solicitadas, cumprindo estrictamente as instrucións dadas.

Unha proba telemática ou presencial ao final do trimestre que incluírá todas as partes, en concreto:

un test sobre o uso da lingua, no que se incluírán exercicios de gramática e exercicios

sobre o vocabulario estudado ata o momento do decreto de alarma. Tamén se incluírán os contidos traballados durante o estado de alarma, pero en ningún caso o traballo feito desde o 13 de marzo restará puntuación na cualificación final. Só sumará;

unha proba de “Listening” para avaliar a súa comprensión auditiva;

un texto (Reading comprehension), para avaliar a súa comprensión lectora;

un “Writing”, para avaliar a súa capacidade de escribir correctamente.

Esta parte do exame (Reading and writing) terá una estrutura similar ao exame das probas ABAU dos últimos anos.

Ante a imposibilidade de avaliar a destreza oral ao longo do trimestre durante as intervencións do alumnado en clase, a proba correspondente á parte oral consistirá na lectura dun texto seleccionado polo profesor entre todos os vistos durante o curso.

As probas escritas, presenciais ou telemáticas, suporán un 70% da nota final de avaliación.

As probas orais terán unha incidencia dun 10% na cualificación final. Realizaranse varias ao longo do trimestre, consistentes en grabacións feitas polo alumnado sobre textos traballados nos días previos ou ao longo do curso, avaliando entonación, ritmo, pronunciación e comprensión lectora.

As tarefas escritas realizadas por correo electrónico durante o terceiro trimestre suporán ata un 20% da cualificación final, sempre tendo en conta a actitude xeral do alumnado fronte a asignatura e a calidade das mesmas. A mala calidade ou non realización das mesmas non restará na cualificación final, pero non sumará.

A convocatoria extraordinaria de setembro se baseará nos contidos do primeiro e segundo trimestres, cunha proba escrita similar á da convocatoria ordinaria de xuño.